

CONCURSO DE RETOS TECNOLÓXICOS PARA AS INSTALACIÓNS DE NAVANTIA RÍA DE FERROL

A Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos convoca un concurso coa idea de espertar a creatividade e iniciativa do estudiantado da UDC. Os proxectos deben proporcionar solucións innovadoras e iniciativas que poidan materializarse, para resolver os retos tecnolóxicos que se presenten nas instalacións de Navantia Ría de Ferrol.

O concurso constará de tres fases:

- a) Primeira fase: crearase un informe en que se presente unha IDEA CONCEPTUAL. O xurado determinará cales son viables e interesantes e desbotará o resto.
- b) Segunda fase: pasan só as ideas POSIBLES, que cumprirá desenvolver para a súa posible implementación.
- c) Terceira fase: só quedan as ideas que sexan VIABLES. O equipo ou os equipos gañadores participarán no seu proceso de implementación.

RETO PARA ESTA CONVOCATORIA

Aproveitamento enerxético dos recursos e mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de Navantia Ría de Ferrol.

BASES

1. Participantes

Poderá participar por equipos todo o alumnado do último curso de calquera grao oficial, así como o alumnado matriculado en calquera mestrado ou doutoramento oficial, da Universidade da Coruña (UDC).

Os equipos poden estar formados por estudantes dun ou varios centros e titulacións. Non hai restrición en canto ao número de compoñentes, pero o equipo debe estar supervisado por un/unha profesor/a que non teña ningunha relación coa empresa Navantia.

Os equipos deberán rexistrarse a través da web desta cátedra (<https://catedracosmealvarez.com>) entre os días 1 e 15 de decembro de 2020.

As instrucións de presentación serán proporcionadas soamente aos equipos rexistrados.

2. Requisitos técnicos

Primeira fase

Os equipos presentarán un informe de proxecto que consistirá nun documento en formato PDF cunha extensión máxima de 10 páxinas en que explicarán a súa proposta.

O informe de deseño incluirá:

- a) a descrición do equipo, a lista actualizada de todos os membros e os datos do/a profesor/a que o supervise;
- b) e unha descrición da idea de nivel superior e do problema que resolve, de maneira que permita verificar que a proposta é viable.

O prazo de recepción da documentación para concursar iníciase o 1 de xaneiro e conclúe o 30 de abril de 2021.

Unha vez cerrado o prazo de recepción, nun prazo máximo dun mes, a cátedra publicará na súa web os

proyectos seleccionados e que pasarán á segunda fase.

Segunda fase

Os equipos que pasen á segunda fase poderán acceder ás instalacións de Navantia para desenvolver a idea con vistas á súa posible implementación.

O prazo de recepción da documentación para a segunda fase iníciase o 1 de xuño e conclúe o 30 de setembro de 2021.

Unha vez cerrado o devandito período de recepción, nun prazo máximo dun mes, esta cátedra publicará na súa web os proxectos seleccionados e que pasarán á terceira fase.

Terceira fase

O equipo ou os equipos gañadores que alcancen a terceira fase poderán participar no proceso de implementación.

O prazo de recepción da documentación para a terceira fase iníciase o 1 de novembro e conclúe o 15 de decembro de 2021.

Fases	2021											
	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Primeira fase												
Selección das mellores ideas												
Segunda fase												
Selección das ideas viables												
Terceira fase												

3. Obrigas dos/as concursantes

A presentación da solicitude supón a aceptación destas bases, así como das obrigas propias derivadas do marco legal en materia de axudas e subvencións.

As persoas beneficiarias sométense ás actuacións de comprobación que poidan realizar os órganos competentes. Quedan obrigadas a facilitar toda a información e documentación que lles poida ser requirida para o efecto.

Respectaranse as instrucións ditadas pola UDC a través do órgano competente.

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases e a ocultación de datos, así como a súa alteración ou manipulación, suporán a perda do premio e, de ser o caso, a devolución das cantidades xa percibidas.

4. Procedemento

As persoas que desexen participar deberán presentar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude, segundo o modelo do Anexo I.
- Acordo de confidencialidade.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de inhabilitación previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En particular, deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, amais de non teren débedas pendentes coa UDC. A acreditación destas circunstancias será esixida ás persoas propostas como beneficiarias do premio.

O xurado que elixirá o proxecto premiado será nomeado polos directores desta cátedra, co visto e prace da Comisión de Seguimento. A súa designación farase pública na páxina web da Escola Politécnica

Superior.

O xurado estará composto por catro membros:

- a) dúas persoas representantes de Navantia SA, SME;
- b) e dúas persoas representantes da UDC.

Os criterios de avaliación das propostas serán os seguintes:

- a) Innovación/investigación: 40% (máximo 4 puntos).
- b) Potencial para converterse nun proxecto viable: 40% (máximo 4 puntos).
- c) Grao de impacto na sociedade: 20% (máximo 2 puntos).

5. Fallo

O xurado designará, de entre os seus membros, o/a presidente/a, que terá voto de calidade. Por maioría simple de votos, e de acordo cos criterios anteriores, propondrá a concesión dos premios aos traballos mellor valorados dos presentados.

Se a xuízo do xurado ningún dos informes presentados reunise a calidade mínima esixible ou cubriese satisfactoriamente o obxecto da convocatoria, o premio poderá declararse deserto.

A concesión do premio resolverase durante o mes de novembro e o nome das persoas premiadas publicárase no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A entrega do premio realizarase nun acto organizado pola Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos. Esta cátedra efectuará as accións de difusión e publicidade que, en cada caso, se consideren convenientes.

6. Dotación económica

Premiaranse os tres mellores proxectos que alcancen a terceira fase. O primeiro premio terá unha dotación económica de 3000 €; o segundo de 2000 € e o terceiro de 1000 €. Aboaranse con cargo á partida orzamentaria 0900470101.422D.6400018.

Os premios están suxeitos á normativa que rexe os impostos das persoas físicas.

7. Propiedade intelectual

As persoas participantes garanten que o traballo presentado é unha creación propia e recoñecen que o traballo non depende de dereitos de propiedade industrial e intelectual de terceiros nin os infrinxe. A propiedade intelectual das ideas presentadas corresponderá á empresa Navantia SA, SME.

8. Confidencialidade

As persoas participantes deben declarar na presentación do informe que o contido completo ten carácter confidencial.

9. Protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD); e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cos seguintes datos de contacto: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do TEO da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta

convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita na convocatoria, e terá dereito a retirar este consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Así mesmo, terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais, e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderán exercerse mediante solicitude remitida ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto con que achegará fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao/á delegado/a de Protección de Datos, á mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Así mesmo, tense dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Os directores da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

Fernando Lago Rodríguez

Ana Álvarez García

Anexo I. Solicitud

Concurso para mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións de Navantia Ría de Ferrol

D./D. ^a	NIF
Domicilio	
Poboación	CP
Correo-e	Teléfono
Titulación	Curso no ano académico 2020/21

Acepta as bases da presentación á convocatoria e

SOLICITA que se admita na convocatoria do Concurso para mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións Navantia Ría de Ferrol o seguinte proxecto:

.....
.....

Nome do/a titor/a do proxecto:

Ferrol, de de 2020

Asdo.:

Anexo II
Declaración responsable

Concurso para mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións de Navantia Ría de Ferrol

D./D^a.,
con DNI n.º.....

DECLARA

Que non se atopa incurso/a en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que impiden obter a condición de beneficiario/a, así como que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes coa Universidade da Coruña.

Ferrol, de de 2020

Asdo.: